

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

RESOLUCIÓN do 1 de decembro 2016 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2015/16, convocados pola Orde do 14 de xullo de 2016 (Diario Oficial de Galicia do 2 de agosto).

A Orde do 14 de xullo de 2016 pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2015/16, establece no seu artigo 11.1, que o titular da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo xurado de selección ao conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que emitirá a correspondente resolución de adxudicación para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez resolta a convocatoria, publicadas as cualificacións provisionais obtidas polos candidatos e candidatas no portal educativo <https://www.edu.xunta.es>, resoltas as reclamacións presentadas, vista a acta coa proposta definitiva do tribunal de adxudicación dos premios extraordinarios e por proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa,

RESOLVO:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2015/16 ao alumnado que figura no anexo desta resolución.

Segundo. Esta resolución de adxudicación dos premios poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses



desde tal publicación, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2016

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO**Premios extraordinarios nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2015/16****Modalidade de música**

Sol.	Apelidos e nome	Centro de estudos	Importe
111027	Neva Collazo, Pablo	CMUS Profesional Manuel Quiroga	850 €
103593	Vilar López, Andrea	CMUS Profesional Xoán Montes	850 €
125997	Sánchez Morales, Beatriz	CMUS Profesional da Coruña	850 €

Modalidade de danza

Sol.	Apelidos e nome	Centro de estudos	Importe
126830	García Flores, Germán	CDAN Profesional da Deputación Provincial da Coruña	850 €

Modalidade de artes plásticas e deseño

Sol.	Apelidos e nome	Centro de estudos	Importe
137703	Fernández Gandansegui, Sonia	EASD Mestre Mateo	850 €
127338	Freijomil Lorenzo, Fátima	Centro de Artes Aula D de Vigo	850 €

